

**Don Leopoldo Moure García, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.**

**C E R T I F I C O** : Que o Excmo. Concello Pleno, en sesión celebrada o día 6 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

4. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL PÚBLICA NON TRIBUTARIA CORRESPONDENTE AO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE.- Examinada a proposta que eleva o Xefe do servizo de Facenda e Patrimonio, que textualmente di:

“En relación á modificación da ordenanza reguladora do ingreso correspondente ao servizo de subministración de auga potable, que deriva da modificación da súa configuración xurídica que impón a Lei 9/2017, o xefe do Servizo de Facenda e Patrimonio emite un informe que literalmente recolle:

“A vixente Lei de contratos do sector público, na súa disposición final duodécima, introduce unha modificación no artigo 20 do Real decreto legislativo (RDL) 2/2004, modificación que implica que naqueles servizos públicos que se prestan en réxime de xestión indirecta, ou de xestión directa mediante personificación privada carecerán da natureza xurídica de taxa, tendo a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario.

Polo tanto, resulta necesario a aprobación dunha nova ordenanza que reflecta a súa nova configuración xurídica.

### Cuestións formais

I.- Esixencias no texto refundido das leis de facendas locais (RDL 2/2004)

O artigo 20.6 da citada norma establece que as contraprestacións económicas que teñan o carácter de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario se regularán mediante ordenanza.

A previsión legal antes referida supón un reenvío normativo ao artigo 49 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, o que -xunto coas esixencias que establece o precepto citado do RDL 2/2004- determina:

- Aprobación inicial polo Pleno.
- Información pública e audiencia aos interesados por un prazo mínimo de 30 días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

- Remisión da proposta definitiva, xunto coas alegacións presentadas -no seu caso- á Comisión de Prezos de Galicia.
- Resolución das reclamacións e suxerencias presentadas., coa aprobación definitiva no Pleno. No caso de que non se tiveran presentado ninghuna reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

A teor do artigo 47 da citada 7/1985, os acordos das aprobacións esixirán unicamente maioría simple, sendo preceptivo o informe tanto da Intervención coma da Secretaría ( artigos 3 e 4 Real Decreto 128/2018)

Os acordos definitivos publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia (artigo 131 da Lei 29/2015)

II.- Esixencias na Lei de procedemento administrativo común das Administracións públicas (Lei 39/2015)

Nos termos do artigo 129 da lei 39/2015, e no relativo aos principios de boa regulación, o exercicio da potestade regulamentaria que se pretende deriva das propias esixencias que establece o ordenamento xurídico para este tipo de ingresos:

- Cambio da súa configuración xurídica, derivado da Lei 9/2017, que implica a perda da súa condición de taxa.
- Necesidade de axustar as tarifas aos custos determinados

Polo tanto, o fin que se persegue é a adecuación ao ordenamento xurídico da norma que regula os citados ingresos, sendo o instrumento elixido (aprobación de ordenanza) o único axeitado e posible para elo. En definitiva, existe necesidade para exercitar a potestade regulamentaria e o instrumento elixido (aprobación de ordenanza) é o que presenta maior eficacia. Así mesmo, concorre a proporcionalidade, modificando exclusivamente os elementos imprescindibles e garantindo a coherencia do ordenamento xurídico municipal co resto do ordenamento xurídico.

No relativo aos tramites de consulta, audiencia e información pública establecidos polo artigo 133 indícase que, na citada norma exclúese dos supostos de obriga dos ditos trámites as propostas normativas que regulen aspectos parciais dunha materia, suposto que se da neste expediente, polo que -nos termos do dito precepto- poderá prescindirse dos ditos trámites.

Cuestións sustantivas

Como queda dito, a nova ordenanza unicamente reflicte os cambios terminolóxicos que derivan da nova configuración xurídica deses ingresos, respecto da ordenanza fiscal actualmente vixente.

A teor do sinalado, informo favorablemente a proposta de aprobación da citada ordenanza.”.

Incorpóranse ao expediente os informes que emitiron o secretario e o interventor.

En virtude do sinalado, e co ditame da Comisión de Facenda e Patrimonio, propónselle ao Pleno do Concello que adopte o seguinte acordo:

Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de subministración de auga potable, de forma que se incorpore ao ordenamento xurídico municipal o seu carácter de ingreso non tributario. No caso de que non se tiveran presentado ninghuna reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

O teor da citada ordenanza é como segue:

#### ***ORDENANZA NÚMERO 4***

### **Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario correspondente aos servizo de subministración de auga potable**

#### **Artigo 1: Fundamento e natureza**

En uso das facultades contidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, o artigo 84.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.6 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e a disposición adicional primeira da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, teñen o carácter de prestación patrimonial non tributaria os ingresos que derivan do servizo de subministración de auga potable.

#### **Artigo 2: Nacemento da obriga de abono**

Xorde a obriga de aboamente coa prestación da actividade de xestión do subministro de auga potable ás vivendas, locais e en xeral inmobles do termo municipal de Ferrol

así como aqueles outros organismos que fosen abastecidos a través das outras redes de titularidade do concello de Ferrol.

Non estarán suxeitos á esta prestación as fincas derruídas ou declaradas ruinosas.

### Artigo 3: Obrigatoriedade de subministro

EMAFESA procederá ó subministro de auga potable con carácter obrigatorio para tódolos inmobles do termo municipal de Ferrol que teñan fachada ás rúas ou vías públicas nas que exista rede de distribución sempre que a distancia entre a rede e a edificación non exceda de quince metros e non sexa necesaria unha ampliación previa da rede de distribución a xuízo dos servizos técnicos.

### Artigo 4: Obriga de pagamento

#### 1. Dereitos de trade e acometida á rede de distribución:

Nace a obriga de aboamento:

- a) Dende a data de emisión do presuposto de liquidación previo por instalación de acometida, se o obrigado ao pagamento o formulase expresamente.
- b) Dende que teña lugar a instalación efectiva da acometida á rede de abastecemento municipal no caso de que o propietario do inmovible non a solicitase previamente. Todo elo sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2. Cotas de subministro: Nace a obriga de pagamento dende o momento de formalización da preceptiva póliza de abono do servizo de abastecemento de auga potable, que entenderase debe subscribirse na data de ocupación do inmovible polo usuario.

Caso contrario, a obriga nacerá dende esta última circunstancia.

### Artigo 5: Obrigados ao pagamento

Teñen a condición de beneficiados dos servizos, as persoas físicas e xurídicas, así coma as comunidades de bens e demais entidades que carentes de personalidade xurídica constitúan unha unidade económica ou patrimonio separado que soliciten, resulten beneficiadas ou afectadas pola prestación do servizo. En todo caso, o obrigado ao pagamento ante esta Administración serán os propietarios dos bens inmobles, aos que lles corresponde o resto das obrigas formais inherentes ao servizo, sen prexuízo da súa facultade de repetir contra o beneficiario do servizo, nos termos do ordenamento xurídico.

### Artigo 6: Responsables

a) Responderán solidariamente das obrigas de pagamento as persoas físicas e xurídicas e as entidades referidas no apartado anterior, e na proporción na súa respectiva participación nas vivendas e locais. Igualmente, serán responsables solidariamente as que sucedan por calquera concepto na titularidade ou exercicio de explotacións ou actividades económicas, pola débeda contraída do anterior titular e derivada do seu exercicio.

b) Serán responsables subsidiarios os administradores de sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, que cesaran nas súas actividades, polas débedas devengadas e que se atopen pendentes no momento do cesamento.

#### Artigo 7: Base para o cálculo da débeda

O cálculo da débeda polo subministro de auga potable, virá determinado en función do seu uso e actividade dos inmobles.

#### Artigo 8: Tarifas

##### 8.1.) Cotas por dereitos de trade e acometida na rede de distribución:

Virá determinado por, e dunha soa vez pola cota que resulta de multiplicar 23,42 euros polo número de vivendas e locais comerciais, industriais e profesionais radicados no inmovble.

##### 8.2) Cota de alta e colocación de contador:

Cota de alta, incluída a colocación inicial do contador	23,42 €
Cota de alta, en caso de aluguer de contador	4,33 €
Colocación do contador, agás en caso de alta:	19,11 €

##### 8.3.) Tarifas de subministro:

Virá determinada pola cota de servizo establecida en cada caso máis a cota de consumo .

A cota de consumo será o produto do volume de auga consumida por contador por cada bimestre, expresada en metros cúbicos multiplicado polo prezo por metro cúbico correspondente ó tramo de consumo e ó grupo de actividade de que se traten:

### 8.3.A.: Tarifas por actividades

Tarifa	Descripción	Cota servicio/ mes	Desde (m3/mes)	Ata (m3/mes)	Prezo 1 (€/m3)	Máis de (m3/mes)	Prezo 2 (€/m3)
1	Industrial 1	54,94	0	3000	0,3517	3000	0,4945
2	Industrial 2	21,98	0	500	0,3517	500	0,4945
3	Industrial 3	13,74	0	50	0,3517	50	0,4945
4	Comercial	3,85	0	20	0,3297	20	0,4396
5	Doméstica	2,20	0	20	0,3297	20	0,4396
6	Obras (edificios)	54,94	0	20	0,3517	20	0,4945
7	Obras (unifamiliares)	13,74	0	20	0,3517	20	0,4945
8	Concellos. Autoridade portuaria		0				0,2750

As anteriores tarifas correspóndense co seguinte desglose por actividades:

- Tarifa industrial 1: Inclúe, entre outras, as seguintes actividades: Residencias de pensionistas da S.S., hospitais, sanatorios, centrais leiteiras, fábricas de gasosas, plantas embotelladoras, establecementos hoteleiros de máis de 40 prazas, estaleiros, fábricas de pastas, industria de pedra y mármore, cetarias, colexios de máis de 25 unidades,...
- Tarifa industrial 2: Inclúe, entre outras, as seguintes actividades: Salas de festas, matadoiros, establecementos hoteleiros de máis de 10 e ata 40 prazas, industrias, centros comerciais, discotecas, salas de xogo, fábricas de pan y fornos de pastelería, restaurantes, cafeterías, garaxes con lavado, lavanderías, colexios de 25 o menos unidades,...
- Tarifa industrial 3: Inclúe, entre outras, as seguintes actividades: Establecementos hoteleiros de 10 ou menos prazas, cines, pubs, academias, galerías, marmorerías, ximnasia, talleres, garaxes de comunidades de veciños, salóns de beleza,...
- Tarifa comercial: Inclúe, entre outras, as seguintes actividades: Comercio en xeneral, incluído el despacho de calquera tipo de comestible, bancos, entidades de seguros, centros recreativos y culturais, pequenas clínicas, psicotécnicos, videoclubs, garderías, igrexas, centros oficiais, bares, tabernas, supermercados, perruquerías, salóns de té,...
- Tarifa doméstica: Inclúe, entre outras, as seguintes actividades: Vivendas,

billas de comunidades, pequenos comercios exentos de IAE, despachos profesionais, garaxes particulares, caldeiras, xulgados...

- Tarifa obras (edificios): Inclúe as seguintes actividades: Obras de construción o rehabilitación de edificios de varias plantas.
- Tarifa obras (unifamiliares): Inclúe as seguintes actividades: Obras de construción o rehabilitación de vivendas unifamiliares.
- Tarifa Concellos, Autoridade Portuaria: Inclúe as seguintes actividades: Outros Concellos, Autoridade Portuaria de Ferrol e Instalacións del Ministerio de Defensa, salvo convenio vixente entre as partes.

Naquelas actividades non contempladas expresamente no desglose anterior, se seguirán criterios de similitude para determinar o tipo de tarifa a aplicar.

8.3.B.: Facturación no caso de que non exista lectura:

No caso de que nun bimestre non se poda toma-la lectura do abonado, existindo contador operativo, tomarase como consumo estimado a media de consumo dos anteriores bimestres.

De non existir o dato anterior, facturárase nese bimestre o volume máximo de metros cúbicos sinalados mensuais para o primeiro tramo de consumo da tarifa correspondente, segundo o cadro do apartado A.

8.3.C.: Tarifa de cano libre:

En virtude do establecido no Regulamento do Servizo, é obrigatoria a instalación de aparato medidor de consumo (contador) nas vivendas e locais comerciais e industriais, así como a súa substitución cando polo seu estado, non permita a medición do consumo coas debidas garantías. O incumprimento do citado requisito polo abonado, dará lugar á aplicación da tarifa especial para o consumo a cano libre, que se fixa para cada bimestre no triplo do volume máximo de metros cúbicos mensuais sinalados para o primeiro tramo de consumo de cada tipo de tarifa ó prezo vixente, segundo o cadro do apartado A.

8.3.D.: Cota de contador:

Para os contadores de 13 mm., en caso de alta ou cambio de contador, o abonado poderá decidir entre merca-lo contador e paga-la correspondente cota de instalación, ou acollerse á cota mensual de contador, que inclúe o subministro, a instalación e a substitución do aparato en caso de avaría, por importe de 0,71 euros (€) mensuais que se incluírán no recibo emitido bimestralmente.

8.4. Fianzas:

O abonado, no momento de formalización do contrato, procederá a constituír, ademais das cotas e liquidacións que puideran corresponder, unha fianza consonte os seguintes importes por tarifa, que se devolverá no momento da formalización da baixa definitiva do subministro:

Tarifa industrial 1	0,00
---------------------	------

Tarifa industrial 2	0,00
Tarifa industrial 3	0,00
Tarifa comercial	0,00
Tarifa doméstica	0,00
Tarifa obras (edificios):	0,00
Tarifa obras (unifamiliares):	164,80

#### 8.5. Subministración de auga a través de orelleira:

Por cada orelleira que se facilite polo servizo, pagarase, por unha soa vez e, en concepto de alugueiro, a cantidade de 65,52 euros (€), depositando unha fianza de 102,28 euros (€). para responder do seu reintegro ó servizo.

#### 8.6. Cota de verificación do contador:

Ademais da posibilidade de verificación do contador polo Organismo Oficial facultado que se inclúe no Regulamento do Servizo, aqueles abonados que así o decidan, poderán solicita-la verificación do seu contador por parte de EMAFESA, depositando o importe de 31,54 euros (€) en concepto de fianza.

Se o resultado de verificación fose que o contador estivese en bo estado, non sería devolta esta fianza, e en caso de avaría, se lle reintegraría a fianza ó depositante, e rectificárianse as facturacións emitidas erroneamente.

As anteriores tarifas serán de aplicación xeral agás a aqueles organismos ou entidades cunha tarifa fixada mediante concerto expreso entre as partes.

### Artigo 9: Altas no servizo

O subministro de auga potable e o uso a que se destine, solicitarase da Empresa Subministradora polo propietario mediante a oportuna petición de alta e formalización da póliza de abono, no que o interesado declarará ademais da filiación, domicilio, DNI ou CIF, fin e uso a que se destinará a auga, superficie da vivenda e demais datos complementarios para o perfecto coñecemento e determinación da clase e importancia do servizo. As peticións levarán implícito o compromiso do petitionario a cumprir as disposicións consignadas na presente ordenanza.

Os contratos ou pólizas de abono serán facilitadas ou cubertas gratuitamente pola oficina do servizo.

### Artigo 10: Recadación e modalidade de pagamento

A recadación do importe da auga farase bimestralmente e, en xeral, mediante recibo, xirado sobre conta bancaria ou a través do ingreso nas oficinas colaboradoras.



### Artigo 11: Liquidación das altas e baixas de abonados por períodos mensuais

Tanto as altas como as baixas de abonados hanse liquidar por períodos de un mes, sen prexuízo de que a petición de alta ou baixa sexa atendida inmediatamente. A solicitude de baixa non será efectiva ata o momento de corte do subministro e precintado da instalación, quedando o abonado obrigado a facilita-lo acceso á súa instalación ó persoal de EMAFESA.

### Artigo 12 : Obrigacións en caso de traslado de domicilio

En caso de traslado de domicilio do abonado este seguirá sendo responsable do importe do consumo de auga da vivenda que deixou se non se da de baixa con antelación suficiente nas oficinas do servizo, sempre que se manteña a prestación do servizo e non se acredite o cambio do suxeito pasivo.

### Artigo 13: Beneficios aplicables

a) Gozarán dunha bonificación, aqueles aboados para os que a suma dos ingresos de todas as persoas que convivan no inmovible que corresponda á alta da póliza de aboamento non supere ó indicador publico de rendas de efectos múltiples (IPREM), segundo o seguinte baremo:

Nº membros U.Familiar	INGRESOS MÁXIMOS	Nº membros II Familiar	INGRESOS MÁXIMOS
1	IPREM	5	IPREM incrementado nun
2	IPREM incrementado nun	6	IPREM incrementado nun
3	IPREM incrementado nun	7	IPREM incrementado nun
4	IPREM incrementado nun	8	IPREM incrementado nun
		9	IPREM incrementado nun

O importe da bonificación desglosarase:

Conta de servizo	85,00%
Cota de consumo	Estarán exentos de aboamento polo consumo dos primeiros 30 m3 correspondentes a cada bimestre. Para os consumos que excedan da dita contía aplicarase o sistema tarifario común.

1.- As persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

Estaren empadroados na vivenda para a que se solicita a bonificación da cota.

a) O recibo de auga, recollida de lixo e rede de sumidoiros ten que estar ó nome da persoa solicitante.

b) No mes de xaneiro do seguinte ano deberá solicitar a prórroga da bonificación da cota. A documentación será a mesma que para unha solicitude nova. De non presentala, extinguirase automaticamente o dereito e procederase a súa baixa.

c) As familias numerosas facturarán a cota de consumo ó prezo do primeiro tramo, en todo caso. A duración deste beneficio verá determinado polo prazo asignado no título entregado polo organismo competente. Nese senso, e nos termos da disposición sexagésima cuarta da Lei 2/2008, terán esa consideración as familias monoparentais con dous fillos a cargo, nos termos que determine a normativa de desenvolvemento da citada Lei.

d) En todo caso os beneficios recoñecidos no presente precepto terán carácter rogado, debendo acreditar o solicitante, tanto o relativo á condición de familia numerosa, como ós requisitos de empradroamento dos membros da dita familia no termo municipal de Ferrol e a titularidade do contrato de servizo recollidos no punto anterior.

No suposto de que a persoa beneficiada polo servizo sexa distinta do propietario, poderá esta actuar de solicitante, téndose en conta os seus datos económicos. Así mesmo, o requisito do empadroamento será referible á persoa ou entidade beneficiada polo servizo, correspondéndolle a acreditación da súa condición de persoa ou entidade pagadora do servizo.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA:

O sistema de facturación descrito no epígrafe 8.3.B. será de aplicación no caso específico das vivendas de Recimil e San Pablo en tanto non se realicen as reformas necesarias para a súa adaptación á normativa vixente.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor, unha vez producida a súa publicación no BOP, e cando transcurra o prazo de 15 días establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

#### DISPOSICIÓN DEROGATORIA

A entrada en vigor desta ordenanza suporá a derogación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo dito servizo”.

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de catro votos a favor, correspondentes ós sres./as. Membros de Ferrol en Común e a sra. Méndez Fonte, fronte a tres votos en contra, correspondentes ós sres. Membros do Bloque Nacionalista Galego e sra. Leira Penabad e trece abstencións, correspondentes ós grupos Popular, Socialista e Ciudadanos, acordou aprobar a proposta transcrita.

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Iltmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, asinado electrónicamente na data que figura na parte inferior

Vº e Pr  
ALCALDE